



FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL

Praza Agustín Díaz nº 1 (15008 – A Coruña)

Telf. (34) 981 134 453

Web: www.fgvb.es e-mail: correo@fgvb.es

Circular Informativa nº 5/2021

PROBAS DO CAMPIONATO GALEGO ALEVÍN, CAMPIONATO GALEGO BENXAMÍN E CAMPIONATOS PROVINCIAIS PRE-BENXAMÍNS

(15 de ABRIL de 2021)

Dende a Federación Galega de Voleibol estivemos a buscar unha alternativa segura as Competicións dos mais pequenos que ata o de agora se estaban a celebrar.

Tras descartar formatos previos por non dar a máxima seguridade de todos os participantes nun estado de alarma sanitaria mundial pola pandemia do COVID-19, e tendo en conta as recomendacións que dende os Servizos públicos sanitarios se están a dar, dende a Federación non podíamos deixar a base do noso deporte sen competición, pero sempre tendo en conta o principio de máxima seguridade.

Con esta perspectiva, decidiuse que as probas se celebran o aire libre, con un protocolo específico, e organizando a competición de cada categoría en series independentes, evitando na medida do posible múltiples contactos, pero a vez garantindo unha competición formal, divertida e atractiva para os participantes.

#VoleiGalego

Tras realizar distintas xestións, e grazas a colaboración dos Clubs, procedemos a comunicar a data e sede das distintas probas que se van a celebrar así como a data da Fase Final das categorías de ámbito autonómico:



SEDE	DATA CELEBRACIÓN	CLUB COLABORADOR
Cambados – C.D. O Pombal	25-04-2021	C.V. X.A.V. Cambados
Narón – C.F. San Miguel	02-05-2021	C.V. Narón Volea
Dumbría – I.D. O Conco	09-05-2021	C.V. Dumbría

A Fases Finais correspondentes celebraranse os días 15 e 16 de maio.

O formato da competición en detalle será comunicado aos Clubs nos próximos días, así como o procedemento para inscrición de equipos e datas límite de inscrición para cada proba.

Atentamente,



J. Ramón Baña
Secretario Xeral

#VoleiGalego